

# ESTA XORNADA ESTÁ DIRIXIDA A

- Directivos, técnicos e voluntarios de asociacións sen ánimo de lucro
- Persoas interesadas en crear unha asociación sen ánimo de lucro

## XUSTIFICACIÓN

Nos últimos anos as obrigas tributarias ás que se se ven suxeitas as entidades sen ánimo de lucro véñense incrementando, sendo necesario por parte das Directivas e equipos técnicos ter una visión xeral das mesmas para una correcta xestión das súas entidades e evitar posibles incluplimentos coa Administración Tributaria que poden derivar en importantes sancións para a mesma.

### 17:00 INAUGURACIÓN

- D. Xosé Castro Romero (presidente da Asociación Euroeume)

### 17:15 CURSO DE FISCALIDADE DAS ASOCIACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO

- Código de Identificación Fiscal (CIF)
- Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados
- Impuesto de Actividades Económicas (IAE)
- Imposto do Valor Engadido (IVA)

- Imposto de Sociedades (IS)

- Imposto sobre Bens Inmóbles

- Retencións sobre o IRPF

- Declaracións de operacións con terceiros

- Declaración de Doazóns recibidas

## LOCALIZACIÓN

O presente curso non pretende ensinar aos asistentes a cubrir cadaún dos modelos que se derivan das obrigas tributarias das entidades, senón dar una visión xeral das mesmas.

Dado que moitas asociacións levan moitos anos funcionando, e en moitos casos con inercias na xestión das mesmas un tanto anticuadas, é preciso actualizar a visión que tanto directivas, técnicos ou voluntarios teñen da mesma para poder cumprir coas obrigas que en materia tributaria se esixe hoxe en día a este tipo de entidades.

Por outra banda o movemento asociativo segue medrando día a día coa constitución de novas entidades que, en moitos casos, non contan entre os seus membros con persoas con experiencia na xestión tributaria, polo que parece interesante dar una visión xeral a todas estas persoas das obrigas que se derivarán neste eido da constitución da Asociación e das actividades que realicen.

Entre o seus obxectivos específicos están:

- Dar una visión xeral de todas as obrigas tributarias que poden afectar a una entidades en ánimo de lucro.
- Facilitar a xestión para a creación de novas asociación dentro do Territorio.
- Definir o concepto de actividade económica dentro das asociación e as obrigas fiscais que o seu desenvolvemento conleva.

**Día:** Venres, 11 de Decembro de 2015  
**Horario:** de 17:00 a 19 horas  
**Lugar:** Casa da Cultura  
Pontedeume (A Coruña)



### ASOCIACIÓN EUROEUME

[www.euroeume.org](http://www.euroeume.org)

Tlf.: 981 440 668

[comunicacion@euroeume.org](mailto:comunicacion@euroeume.org)

### CONCELLO DE PONTEDEUME

[www.pontedeume.es](http://www.pontedeume.es)

Tlf.: 981 433 054

[correo@pontedeume.es](mailto:correo@pontedeume.es)

Xornada

# FISCALIDADE DAS ASOCIACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO

Pontedeume, 11 de Decembro de 2015

CASA DA CULTURA  
PONTEDEUME



Organiza:



Colabora:

